

Rematada a fase de prácticas e vistas as propostas efectuadas polas comisións avaliadoras, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Declarar aptos na fase de prácticas e aprobados definitivamente os mestres seleccionados no procedemento selectivo para o ingreso no corpo de mestres, convocado pola Orde do 10 de marzo de 2006 (DOG do 14 de marzo) e a M^a Elena Fidalgo Laínez, opositora pertencente ao procedemento selectivo convocado pola Orde do 7 de febreiro de 2005 (DOG do 14 de febreiro).

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2007.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

Resolución do 19 de xuño de 2007, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se ditan normas para a adxudicación de destino provisional para o próximo curso académico 2007-2008 aos mestres que non teñan destino definitivo, aos que resultan desprazados por falta de horario, aqueles aos que se lles conceda unha comisión de servizos por concelleiro, por motivos de saúde ou por conciliación familiar, e os que soliciten o reingreso no servizo activo.

Coa finalidade de adxudicar destino provisional para o curso académico 2007-2008 aos mestres sen destino definitivo, aos mestres desprazados por falta de horario, e aos que se lles conceda unha comisión de servizos por concelleiro, por motivos de saúde e por conciliación familiar, e aos que soliciten o reingreso no servizo activo, convócase o presente concurso coas seguintes bases:

Primeira.-Obxecto.

Convócase concurso, de acordo coas especificacións que se citan na presente resolución, para a provisión de necesidades de profesorado para o curso académico 2007-2008 nos centros que se relacionan no anexo desta resolución, entre os mestres que están obrigados a participar, conforme o previsto na base segunda da presente resolución.

Segunda.-Obrigatoriedade de participación.

Están obrigados a participar neste concurso:

a) O profesorado que teña concedida unha comisión de servizos por razóns de saúde, pola situación persoal do propio docente.

b) O profesorado que teña concedida unha comisión de servizos por razóns da saúde, pola situación persoal dun familiar.

c) O profesorado desprazado por falta de horario, o profesorado suprimido e os mestres que perderon o seu destino definitivo por outras causas. Considérase que un profesor non ten horario no seu centro cando non dispón de ningunha hora da súa especialidade.

d) O profesorado que teña que reincorporarse á comunidade autónoma procedente do estranxeiro.

e) O profesorado que teña dereito a que se lle conceda unha comisión de servizos por concelleiro.

f) O profesorado que teña concedida unha comisión de servizos por razón de conciliación familiar e laboral.

g) Os mestres en situación de expectativa de destino que non obtiveron o primeiro destino definitivo, que se ordenará por anos de celebración do concurso-oposición, e dentro de cada concurso-oposición polo número de orde obtido nel.

h) O profesorado que solicite o reingreso ao servizo activo con efectividade do inicio do curso académico 2007-2008.

i) Os opositores que superen o procedemento selectivo para ingreso no corpo de mestres, convocado pola Orde do 9 de abril de 2007, pola orde obtida no procedemento selectivo, en virtude das relacións expostas polas comisións de selección.

j) O profesorado interino e substituto, pola mesma orde que elixiron no curso académico 2006-2007.

Terceira.-Desprazados por falta de horario.

1. Estarán obrigados a participar neste concurso, nas especialidades para as que estea habilitado, e a prazas da súa localidade ou zona educativa:

a) Os funcionarios de carreira do corpo de mestres que, tendo destino definitivo, deban ser desprazados por falta de horario no seu centro de destino, no curso académico 2007/2008.

b) Os que, estando obrigados, non participen neste concurso, a secretaría xeral adxudicaralles de oficio destino provisional para o curso académico 2007/2008 nun centro da localidade ou zona educativa en que está destinado definitivamente.

c) Quedarán exentos de participar obrigatoriamente polo punto 1 desta base os mestres que participen polo punto segundo.

2. Poderán participar voluntariamente neste concurso, a prazas da especialidades para as que estean habilitados, e da localidade ou localidades que elixan, os funcionarios de carreira do corpo de mestres que, tendo destino definitivo, poidan ser desprazados por falta de horario no seu centro de destino, no curso académico 2007/2008.

3. A Administración educativa comunicarlles aos centros educativos e aos interesados, incluídos os centros públicos integrados e institutos de educación secundaria, con anterioridade ao 25 de xuño de 2007, o número de mestres e de que especialidade non van ter horario no próximo curso académico. Así mesmo, a Inspección educativa remitirá copia desta información á secretaría xeral.

4. Na adxudicación dos desprazados por falta de horario terán dereito preferente os desprazados da localidade, desempatando a maior antigüidade no corpo, a maior antigüidade no centro e a maior puntuación no proceso selectivo polo que accederon ao corpo, sucesivamente.

5. Os mestres desprazados por falta de horario participarán obrigatoriamente no próximo concurso de traslados que se convoque cos dereitos outorgados ao profesorado suprimido.

Cuarta.-Prazas que poden solicitarse.

Os mestres poderán solicitar as seguintes prazas, de acordo coas especificacións que se conteñen nesta base:

a) As correspondentes ás especialidades para as que estean habilitados, para os centros e localidades que figuran no anexo desta resolución. Os códigos das especialidades son os seguintes:

Código e especialidade:

31: Educación infantil.

32: Filoloxía e lingua estranxeira: inglés.

33: Filoloxía e lingua estranxeira: francés.

34: Educación física.

35: Educación musical.

36: Pedagogía terapéutica.

37: Audición e linguaxe.

38: Educación primaria.

60: Pedagogía terapéutica, ESO.

61: Audición e linguaxe, ESO.

63: Prazas de PT e ocio nas escolas fogar ou CEE.

64: Prazas de EP e ocio nas escolas fogar ou CEE.

b) Ademais, poderán solicitar as vacantes dos departamentos de orientación (código 39), que se adxudicarán dando prioridade aos mestres que estean en posesión da titulación de psicopedagogía, ou en psicoloxía, ou en filosofía e ciencias da educación (especialidades de psicoloxía ou ciencias da educación) ou en filosofía e letras (especialidades de pedagogía ou psicoloxía), conforme prescribe o artigo 4.a) do Decreto 120/1998, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

c) De acordo co preceptuado na disposición transitoria primeira da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio,

de educación, os mestres que ao 24 de maio de 2006 tiveran destino definitivo nunha praza do primeiro e segundo curso da educación secundaria obrigatoria, poderán solicitar, ademais, as prazas correspondentes ás especialidades para as que estean habilitados, para os centros públicos integrados e institutos de educación secundaria que figuran no anexo desta resolución e para as especialidades:

21: Ciencias sociais-xeografía e historia.

22: Ciencias da natureza.

23: Matemáticas.

24: Lingua castelá.

25: Filoloxía e lingua estranxeira: inglés.

26: Filoloxía e lingua estranxeira: francés.

27: Educación física.

28: Educación musical.

60: Pedagogía terapéutica, ESO.

61: Audición e linguaxe, ESO.

67: Lingua galega.

d) Os opositores que superen o procedemento selectivo convocado pola Orde do 9 de abril de 2007 unicamente poderán solicitar prazas da especialidade pola que acceden e de «primaria».

e) Os mestres interinos e substitutos unicamente poderán solicitar prazas da especialidade correspondente á lista na que figuran e de «primaria».

f) Como consecuencia da aplicación da disposición transitoria primeira da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, os mestres interinos das especialidades de matemáticas, ciencias da natureza, e ciencias sociais-xeografía e historia, se integrarán na lista da especialidade á que se presenten no concurso-oposición convocado pola Orde do 9 de abril de 2007, mantendo o número de orde que tiñan, podendo solicitar prazas da dita especialidade e de «primaria».

Quinta.-Solicitud de centros e/ou localidades e procedemento de adxudicación.

Os mestres poderán solicitar centros e/ou localidades de calquera provincia aínda que non teña solicitado o traslado do expediente, indicando se desexan impartir áreas afíns e/ou itinerancia.

No caso de solicitar centros, e de existir nestes máis dunha vacante da mesma especialidade, unha delas cun horario completo e outra para completar con áreas afíns, adxudicarase en primeiro lugar a praza ou prazas que teñan horario completo da especialidade pola que se participa.

No caso de solicitar localidade entenderase que solicitan todos os centros da localidade incluídos no anexo desta resolución, pola orde en que aparecen no referido anexo. No caso de que soliciten localidade con itinerante e/ou afíns, entenderase que solicitan con prioridade todos os centros desta sen itinerancia,

nin afíns e posteriormente con itinerancia e/ou afíns, polo que a orde de adxudicación sería a seguinte:

1. Vacantes de todos os centros desa localidade, coa ordenación do anexo da convocatoria, e dentro de cada un deles, de todas as especialidades posibles, sen afíns e sen itinerancia.

2. Vacantes coas mesmas condicións, con afíns e que non sexan itinerantes.

3. Vacantes coas mesmas condicións sen afíns e que sexan itinerantes.

4. Vacantes coas mesmas condicións con afíns e que sexan itinerantes.

No caso de non consignar coa petición o código da especialidade, a adxudicación farase pola orde en que o participante o manifestou na súa solicitude de participación.

Sexta.-Orde de adxudicación.

1. A orde de adxudicación dos destinos provisionais será por colectivos preferentes, conforme o previsto na base segunda, sen prexuízo dos dereitos preferentes a centro, localidade e zona educativa, regulados na presente resolución.

2. Na adxudicación de prazas aos mestres en comisión de servizos por razóns de saúde, os criterios de prioridade veñen determinados pola maior antigüidade no corpo, a maior antigüidade no centro e a maior puntuación no proceso selectivo, sucesivamente.

3. Na adxudicación de prazas aos mestres en comisión de servizos por razón de conciliación da vida familiar e laboral a prioridade virá determinada polo número de fillos menores de 10 anos e, no caso do mesmo número de fillos, pola antigüidade como funcionaria ou funcionario de carreira no corpo, e antigüidade no centro e puntuación na oposición, sucesivamente.

Sétima.-Dereitos preferentes a centro.

Terán dereito preferente a centro:

a) As mestras e mestres suprimidos, ás prazas do centro no que tiñan destino definitivo.

b) As concelleiras e concelleiros, ao centro no que prestaban servizos no momento no que resultaron elixidas ou elixidos.

Oitava.-Dereito preferente a localidade

Terán dereito preferente a localidade:

a) As mestras e mestres desprazadas ou desprazados por falta de horario.

b) O profesorado suprimido, á localidade na que prestaban servizos no momento da supresión.

c) O profesorado procedente do estranxeiro, ás prazas da localidade na que estaban destinados no momento de obter prazas no estranxeiro.

d) As concelleiras e concelleiros, á localidade na que prestaban servizos no momento no que resultaron elixidas ou elixidos.

Novena.-Dereito preferente a zona educativa.

a) As mestras e mestres desprazadas ou desprazados por falta de horario.

b) O profesorado suprimido, á zona educativa na que prestaban servizos no momento da supresión.

c) O profesorado procedente do estranxeiro, ás prazas da zona educativa na que estaban destinados no momento de obter prazas no estranxeiro.

Décima.-Adxudicación de vacantes itinerantes.

As vacantes itinerantes só se adxudicarán a aqueles electores que soliciten explicitamente vacantes deste tipo agás nas quendas de oficio en que poden ser adxudicadas a calquera elector aínda sen colocar.

Décimo primeira.-Adxudicación de vacantes con afíns.

As vacantes con afíns adxudicaráselle só a aqueles electores que soliciten explicitamente vacantes deste tipo agás nas quendas de oficio en que poden ser adxudicadas a calquera elector aínda sen colocar.

Décimo segunda.-Adxudicación de oficio.

Adxudicarase de oficio a todos os participantes que non acaden destino de entre os solicitados, agás os solicitantes que deixen resulta, e a todos aqueles que tendo a obriga de participar neste concurso non o fixesen, agás aos mestres interinos e substitutos.

No caso dos mestres suprimidos e desprazados por falta de horario que exerzan o dereito preferente e non obteñan destino, por non existir vacante, adxudicaráselles un posto como substituto de zona, co fin de que non sexan desprazados da zona educativa na que se encontra o centro do seu destino definitivo de referencia, de acordo co establecido na circular número 8/2003, da Dirección Xeral de Persoal.

Aos restantes electores desta convocatoria aos que procede a adxudicación de oficio, no caso de non obter destino de entre os solicitados, adxudicaráselles de oficio, pola orde en que figura o profesor dentro do seu colectivo, a primeira vacante libre, pola orde en que os centros figuran no anexo desta resolución. Ao profesorado en expectativa de destino e en prácticas adxudicaráselle destino de oficio, incluso noutra especialidade da que non son titulares, de non existir vacante na súa, agás en idioma estranxeiro: inglés e idioma estranxeiro: francés, pola orde de centros e localidades que figuran entre as súas peticións e por último acudindo ao anexo de centros.

Décimo terceira.-Forma de efectuar a solicitude e presentación a ela.

1. A solicitude de destinos farase a través da internet, empregando o portal educativo no enderezo: www.edu.xunta.es/persoalconcursos/primaria. Lémbrese que para acceder a este servizo web é preciso

ter conta de correo electrónico no dominio edu.xunta.es polo que se urxe a quen non a teña proceda a solicitala polos medios actuais (solicitude a través do secretario do centro actual á UAC no 902905445. Os interesados deberán imprimir un xustificante da súa solicitude dirixido á Subdirección Xeral de Persoal da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Para tales efectos o resguardo da solicitude poderá entregarse na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas súas delegacións provinciais ou no propio centro educativo no que se presta servizos.

2. O profesorado que solicite prazas do departamento de orientación e posúa algunha das titulacións sinaladas na base cuarta desta convocatoria deberán remitir unha fotocopia compulsada da referida titulación, sempre que non a presentasen o curso pasado.

3. A solicitude servirá para vindeiras convocatorias conservando as peticións sen que teña que facer nova solicitude, no caso de que lle interese.

4. Os mestres interinos e substitutos que superen os procedementos selectivos convocados noutra comunidade autónoma comunicarán a dita circunstancia á secretaría xeral para os efectos da súa exclusión na adxudicación de destinos.

Décimo cuarta.-Solicitudes exercendo o dereito preferente.

Os afectados que desexen exercer o dereito preferente están obrigados a facer constar nas petición o centro, a localidade e a zona do seu ámbito de dereito preferente, colocando en primeiro lugar as peticións para as que está habilitado, e por último as restantes, tendo en conta que se poderán adxudicar a este colectivo prazas de educación infantil, educación musical e de educación física, neste último caso se non teñen cumpridos os 55 anos no día 1 de setembro de 2007.

Décimo quinta.-Prazo de formalización da instancia na web.

1. Para o profesorado suprimido, desprazado por falta de horario e en expectativa de destino, o prazo será de vinte días naturais contados a partir da publicación da presente resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

2. Para os profesores interinos e substitutos, a prazo será de vinte días naturais contados a partir da publicación da presente resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

3. Para os opositores que superen o procedemento selectivo convocado pola Orde do 9 de abril de 2007, o prazo será de cinco días naturais contados desde o seguinte ao da publicación da lista de aprobados pola comisión de selección.

4. As persoas ás que se lles conceda unha comisión de servizos por motivos de saúde ou de conciliación familiar, realizarán a solicitude no prazo de cinco días desde que se notifique a concesión da comisión.

Décimo sexta.-Profesorado que non ten que cumprir nova instancia na web.

1. Non terán que cumprimentar nova solicitude, agás que queiran efectuar nova solicitude ou modificar a realizada para a convocatoria do curso académico anterior:

a) O profesorado que estaba desprazado por falta de horario no curso 2006-2007 e continúe como desprazado no curso académico 2007-2008.

b) O profesorado que estaba suprimido.

c) O profesorado que estaba e continúa en expectativa de destino.

d) Os opositores que superaron o procedemento selectivo no ano 2006.

e) O profesorado interino e substituto que prestou servizos con anterioridade ao 30 de xuño de 2006.

2. Non poderán participar neste concurso o profesorado que teña concedida unha comisión de servizos, agás nos supostos recollidos na base segunda desta convocatoria.

Décimo sétima.-Petición de prestar servizos nunha ou varias provincias.

O profesorado interino e substituto que non obteña praza nesta adxudicación poderá acollerse a prestar servizos como interino ou substituto nunha ou varias provincias, sen perda da orde da lista. O que non efectúe opción enténdese que desexa prestar servizos en todas as provincias da comunidade autónoma.

Décimo oitava.-Obtención de destino nunha especialidade para a que non se está habilitado.

Con posterioridade á resolución definitiva dos destinos provisionais, aos profesores interinos que, solicitando todas as prazas da súa especialidade, non lles corresponda praza, adxudicáraselles voluntariamente praza noutra especialidade, se existise vacante, unha vez colocados todos os colectivos sinalados na base segunda desta resolución, agás nas especialidades de filoloxía e lingua estranxeira: inglés, filoloxía e lingua estranxeira: francés, pedagogía terapéutica e audición e linguaxe.

Ao profesorado substituto unicamente poderá adxudicárselle praza da súa especialidade.

Décimo novena.-Publicación das listas de participantes e das vacantes.

1. Coa entrada en vigor desta resolución a Secretaría xeral procederá a publicar as relacións de persoal agrupados por colectivos coas especialidades que teñen recoñecidas nas delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e na páxina web da consellería. Os interesados terán un prazo de dez días naturais para formular as reclamacións que entendan oportunas.

2. Antes do 10 de xullo de 2007, a Secretaría xeral procederá a publicar as vacantes provisionais que se

ofertan neste concurso, reflectindo o seu perfil. Os interesados terán un prazo de cinco días naturais para formular as reclamacións que entendan oportunas.

3. Ademais das vacantes publicadas, adxudicaránse as resultas, se é o caso, que se produzan como consecuencia da adxudicación de destinos ás comisións de servizos por motivos de saúde, conciliación familiar e concelleiros. Consecuentemente, os centros e as delegacións provinciais non solicitarán as prazas destas comisións de servizos.

Vixésima.-Resolución provisional.

1. Unha vez rematado o prazo de solicitudes dos opositores, a Secretaría xeral procederá á adxudicación de destinos e fará pública a resolución provisoria do concurso na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas súas delegacións provinciais e na páxina web.

2. Os concursantes poderán presentar reclamacións á resolución provisoria, no prazo de tres días hábiles desde a súa publicación, perante a secretaría xeral.

Vixésimo primeira.-Renuncias á resolución provisional.

Os mestres interinos e substitutos que estean nunha situación das que se relacionan a seguir, poderán renunciar á resolución provisional, sen que se admitan renuncias parciais.

-Atender o coidado dun fillo menor de seis anos, tanto cando o sexa por natureza como por adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo.

-Para atender o coidado dun familiar que teña ao seu cargo, ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, que, por razóns de idade, accidente ou enfermidade, non poida valerse por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída.

-Por enfermidade grave.

-Por ter concedida unha bolsa de estudos.

-Por ampliación de estudos. Enténdese que hai ampliación de estudos cando se realiza o doutoramento ou estudos para obter un título superior ou unha diplomatura distinta da que se posúe, así como a formación no estranxeiro nas linguas ou nas ensinanzas de réxime especial.

-Por ser vítima de violencia de xénero.

-Por calquera das circunstancias que lles permite aos funcionarios públicos a concesión dos servizos especiais.

De serlles adxudicada a praza definitiva, non poderán acollerse a non prestar servizos mantendo o número de orde na lista correspondente, agás que esta petición se formule por unha situación sobrevida á resolución provisional deste concurso.

Sen prexuízo do anterior a secretaría xeral poderá dar de baixa algunha persoa na relación de adxudicatarios de praza, se deixase de reunir os requisitos para

manterse nela, de oficio ou por instancia da parte interesada, logo de audiencia do interesado/a.

Vixésimo segunda.-Resolución definitiva.

Resoltas as reclamacións presentadas, procederase a efectuar a resolución definitiva que se publicará nos mesmos lugares que a resolución provisional e no *Diario Oficial de Galicia*.

Vixésima terceira.-Efectividade da toma de posesión.

Os efectos da toma de posesión dos destinos adxudicados será a do 1 de setembro de 2007.

Vixésima cuarta.-Inclusión nas listas para interinidades e/ou substitucións.

Os participantes nos procedementos selectivos convocados pola Orde do 9 de abril de 2007, que non estean incluídos nas listas dos aspirantes que superaron estes, nin na letra j) da base segunda desta resolución serán incluídos nas relacións de aspirantes para desempeñar prazas de interinidades ou substitucións, sempre que superen a proba ou estean en posesión da titulación que se relaciona para cada especialidade no anexo II.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2007.

Benito Fernández Rodríguez
Secretario xeral da Consellería de Educación e
Ordenación Universitaria

ANEXO II

Especialidades y titulación

-Educación infantil:

Mestre.-Especialidade de educación infantil.

Profesor de Educación Xeral Básica, especialidade preescolar.

Mestre.-Especialidade de educación primaria e títulos homologados.

-Filoloxía e lingua estranxeira: inglés:

Mestre.-Especialidade de lingua estranxeira

Profesor de Educación Xeral Básica: especialidade en lingua española e idioma moderno.

Licenciado en filoloxía inglesa, ou ter superados os tres primeiros cursos desta licenciatura.

-Filoloxía e lingua estranxeira: francés:

Mestre.-Especialidade de lingua estranxeira.

Profesor de Educación Xeral Básica: especialidade en lingua española e idioma moderno.

Licenciado en filoloxía francesa, ou ter superados os tres primeiros cursos desta licenciatura.

-Educación física:

Mestre.-Especialidade de educación física

Profesor de Educación Xeral Básica, especialidade de educación física

Mestre.-Especialidade de educación primaria e títulos homologados.

Licenciado do INEF, ou ter superados os tres primeiros cursos desta licenciatura.

-Educación musical:

Mestre.-Especialidade de educación musical.

Mestre.-Especialidade de educación primaria e títulos homologados.

Título de grao medio ou superior dos conservatorios de música.

-Pedagogía terapéutica:

Mestre.-Especialidade de educación especial.

Profesor de Educación Xeral Básica, especialidade de educación especial.

Licenciado en Pedagogía e homologados.

Licenciado en Psicopedagogía.

-Audición e Linguaxe:

Mestre, especialidade en audición e linguaxe.

ANEXO I.

CONCURSO DE ADXUDICACIÓN DE DESTINOS PROVISIONAIS 2007-2008. LISTAXE DE CENTROS, LOCALIDADES E ZONAS.

PROV.	ZONA		CONCELLO		LOCALIDADE		CENTRO	
	CÓD.	ZONA	CÓD.	CONCELLO	CÓD.	LOCALIDADE	CÓD.	CENTRO
15	150010	ABEGONDO	15001	ABEGONDO	150010100	ABEGONDO	15000016	CEIP SAN MARCOS
15	150010	ABEGONDO	15001	ABEGONDO	150011100	MABEGONDO	15000041	EEI DE MABEGONDO
15	150010	ABEGONDO	15001	ABEGONDO	150011800	VIÓS	15027125	IES DE VIÓS
15	150022	AMES	15002	AMES	150020100	AGRÓN	15020647	EEI DE SAN LOURENZO
15	150022	AMES	15002	AMES	150020300	AMES	15026637	CEIP DE BAROUTA
15	150022	AMES	15002	AMES	150220726	BIDUÍDO	15025220	CEIP DE VENTÍN
15	150022	AMES	15002	AMES	150220726	BIDUÍDO	15032649	EEI DE MILLADOIRO
15	150022	AMES	15002	AMES	150020400	BUGALLIDO	15019724	EEI DE GUIMARÁNS
15	150022	AMES	15002	AMES	150020503	COVAS	15020659	EEI DE COVAS
15	150022	AMES	15002	AMES	150020700	ORTOÑO	15000107	CEIP BISPO GUERRA CAMPOS
15	150022	AMES	15002	AMES	150020700	ORTOÑO	15032625	CEIP DE ORTOÑO
15	150022	AMES	15002	AMES	150020700	ORTOÑO	15019542	EEI DA IGREXA
15	150022	AMES	15002	AMES	150020700	ORTOÑO	15027721	IES DE AMES
15	150022	AMES	15002	AMES	150020309	OUTEIRO	15000090	EEI DE OUTEIRO
15	150034	ARES	15004	ARES	150040101	ARES	15000338	CPI CONDE DE FENOSA
15	150034	ARES	15004	ARES	150040200	CAAMOUCO	15000341	EEI DE REDES CAMOUCO
15	150046	ARTEIXO	15005	ARTEIXO	150050100	ARMENTÓN	15020672	EEI DE RORÍS
15	150046	ARTEIXO	15005	ARTEIXO	150050200	ARTEIXO	15000363	CEIP PONTE DOS BROZOS
15	150046	ARTEIXO	15005	ARTEIXO	150050200	ARTEIXO	15032145	IES DE PASTORIZA
15	150046	ARTEIXO	15005	ARTEIXO	150050200	ARTEIXO	15023302	IES MANUEL MURGUÍA
15	150046	ARTEIXO	15005	ARTEIXO	150050600	LARÍN	15020714	EEI DE LARÍN DE ARRIBA
15	150046	ARTEIXO	15005	ARTEIXO	150051109	MEICENDE	15000569	CEIP SAN XOSÉ OBREIRO
15	150046	ARTEIXO	15005	ARTEIXO	150051000	OSEIRO	15023041	CEIP DE GALÁN
15	150046	ARTEIXO	15005	ARTEIXO	150051000	OSEIRO	15032376	EEI DE VILARRODÍS-OSEIRO
15	150046	ARTEIXO	15005	ARTEIXO	150051100	PASTORIZA	15020933	EEI DE BARRIONOVO
15	150046	ARTEIXO	15005	ARTEIXO	150051200	SORRIZO	15020775	EEI DA LAGOA
15	150058	ARZUA	15006	ARZÚA	150060201	ARZÚA	15000612	CEIP DE ARZÚA
15	150058	ARZUA	15006	ARZÚA	150060201	ARZÚA	15027733	IES DE ARZÚA
15	150060	BAÑA A	15007	BAÑA, A	150070903	LAÑAS	15000843	EEI DE LAÑAS
15	150060	BAÑA A	15007	BAÑA, A	150070111	SAN VICENTE	15019301	CPI DE SAN VICENTE
15	150071	BERGONDO	15008	BERGONDO	150080200	BERGONDO	15001070	CPI DE CRUZ DO SAR
15	150071	BERGONDO	15008	BERGONDO	150080200	BERGONDO	15032561	CRA DE BERGONDO
15	150083	BETANZOS	15003	ARANGA	150030610	VILARRASO	15021779	CEIP DA CASTELLANA
15	150083	BETANZOS	15009	BETANZOS	150090001	BETANZOS	15001124	CEIP FRANCISCO VALES VILLAMARÍN
15	150083	BETANZOS	15009	BETANZOS	150090001	BETANZOS	15001148	IES AS MARIÑAS
15	150083	BETANZOS	15009	BETANZOS	150090001	BETANZOS	15001136	IES FRANCISCO AGUIAR
15	150083	BETANZOS	15026	CESURAS	150260300	BRAGADE	15021780	CEIP BRAGADE
15	150083	BETANZOS	15027	COIRÓS	150270200	COIRÓS	15022152	EEI DE COIRÓS DE ARRIBA
15	150083	BETANZOS	15027	COIRÓS	150270600	OÍS	15024215	EEI DE FONTELO
15	150083	BETANZOS	15063	OZA DOS RÍOS	150630506	OZA	15012420	CEIP DE OZA DOS RÍOS
15	150083	BETANZOS	15064	PADERNE	150640100	ADRAGONTE	15024045	EEI DE AREAS
15	150083	BETANZOS	15064	PADERNE	150640508	SOUTO	15024744	EEI DE SOUTO
15	150083	BETANZOS	15064	PADERNE	150640902	VIÑAS	15021603	EEI DE VIÑAS
15	150083	BETANZOS	15091	VILARMAIOR	150910100	DOROÑA	15018756	CEIP DE DOROÑA
15	150083	BETANZOS	15091	VILARMAIOR	150191210	TORRES	15018801	CEIP DE TORRES
15	150095	BOIMORTO	15010	BOIMORTO	150100505	GÁNDARA	15001239	CPI ARMANDO COTARELO VALLEDOR
15	150095	BOIMORTO	15080	SOBRADO	150800800	PORTA	15016784	CEIP VIRXE DO PORTAL
15	150101	BOIRO	15011	BOIRO	150110101	ABANQUEIRO	15001367	CEIP DE ABANQUEIRO
15	150101	BOIRO	15011	BOIRO	150110101	ABANQUEIRO	15001380	EEI DE SALTÍÑO
15	150101	BOIRO	15011	BOIRO	150110203	BEALO	15001410	CEIP DE BEALO
15	150101	BOIRO	15011	BOIRO	150110303	BOIRO	15022085	CEIP DE PAZOS-COMOXO
15	150101	BOIRO	15011	BOIRO	150110303	BOIRO	15001471	CEIP PRAIA XARDÍN
15	150101	BOIRO	15011	BOIRO	150110303	BOIRO	15021500	CEIP SANTA BAIA
15	150101	BOIRO	15011	BOIRO	150110303	BOIRO	15027851	IES A CACHADA
15	150101	BOIRO	15011	BOIRO	150110303	BOIRO	15026698	IES ESPÍNEIRA
15	150101	BOIRO	15011	BOIRO	150110303	BOIRO	15023338	IES PRAIA BARRAÑA
15	150101	BOIRO	15011	BOIRO	150110407	CABO DE CRUZ	15023341	CEIP SANTA MARÍA DO CASTRO
15	150101	BOIRO	15011	BOIRO	150110500	CESPÓN	15001549	CEIP DE FERREIROS-CESPÓN
15	150101	BOIRO	15011	BOIRO	150110500	CESPÓN	15001586	CEIP DE VILARIÑO
15	150101	BOIRO	15011	BOIRO	150110500	CESPÓN	15027149	CEP DE CESPÓN
15	150101	BOIRO	15011	BOIRO	150110500	CESPÓN	15001574	EEI DE SAR - CAMPO SAN ROQUE
15	150101	BOIRO	15011	BOIRO	150110700	LAMPÓN	15001616	CEIP DE ESCARBOTE
15	150113	BOQUEIXON	15012	BOQUEIXÓN	150120100	BOQUEIXÓN	15001665	CPI ANTONIO ORZA COUTO
15	150113	BOQUEIXON	15012	BOQUEIXÓN	150120800	LESTEDO	15032571	CRA DE BOQUEIXÓN-VEDRA
15	150125	BRION	15013	BRIÓN	150130103	ÁNXELES, OS	15001744	EEI DOS ÁNXELES

PROV	ZONA		CONCELLO		LOCALIDADE		CENTRO	
	CÓD.	ZONA	CÓD.	CONCELLO	CÓD.	LOCALIDADE	CÓD.	CENTRO
15	150125	BRION	15013	BRIÓN	150130300	BASTAVALES	15001811	EEL DE SABAXÁNS
15	150125	BRION	15013	BRIÓN	150130500	BRIÓN	15001847	CEIP DE PEDROUZOS
15	150125	BRION	15013	BRIÓN	150130700	LUAÑA	15019554	EEL DA IGREXA
15	150125	BRION	15013	BRIÓN	150130900	VICESO	15026352	IES DE ESPARÍS
15	150137	CABANA DE BERGANTIÑOS	15014	CABANA DE BERGANTIÑOS	150140100	ANOS	15032212	CRA OS REMUÑOS
15	150137	CABANA DE BERGANTIÑOS	15014	CABANA DE BERGANTIÑOS	150140307	REVOLTAS, AS	15001926	CPI AS REVOLTAS
15	150149	CAMARIÑAS	15016	CAMARIÑAS	150160100	CAMARIÑAS	15002050	CEIP O AREAL
15	150149	CAMARIÑAS	15016	CAMARIÑAS	150160202	CAMELLE	15002062	CEIP DE CAMELLE
15	150149	CAMARIÑAS	15016	CAMARIÑAS	150160405	PONTE DO PORTO	15002086	CEIP DE PONTE DO PORTO
15	150149	CAMARIÑAS	15016	CAMARIÑAS	150160405	PONTE DO PORTO	15027861	IES PEDRA DA AGUIA
15	150149	CAMARIÑAS	15016	CAMARIÑAS	150160307	XAVIÑA	15002074	EEL DE XAVIÑA
15	150150	CAMBRE	15017	CAMBRE	150170302	BREXO	15025554	CEIP EMILIO GONZÁLEZ LÓPEZ
15	150150	CAMBRE	15017	CAMBRE	150170400	BRIBES	15002141	EEL DE BRIBES
15	150150	CAMBRE	15017	CAMBRE	150170501	CAMBRE	15002165	CEIP WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ
15	150150	CAMBRE	15017	CAMBRE	150170501	CAMBRE	15027873	IES AFONSO X O SABIO
15	150150	CAMBRE	15017	CAMBRE	150170600	CECEBRE	15023582	EEL DE APEADEIRO
15	150150	CAMBRE	15017	CAMBRE	150170900	PRAVIO	15019608	EEL DE SAN BARTOLOMEU
15	150150	CAMBRE	15017	CAMBRE	150171000	SIGRÁS	15023065	CEIP GONZALO TORRENTE BALLESTER
15	150150	CAMBRE	15017	CAMBRE	150171000	SIGRÁS	15020520	EEL DE AIÁN
15	150150	CAMBRE	15017	CAMBRE	150171000	SIGRÁS	15026704	IES DAVID BUJÁN
15	150150	CAMBRE	15017	CAMBRE	150171103	TEMPLE, O	15032426	CEIP DO GRAXAL II
15	150150	CAMBRE	15017	CAMBRE	150171103	TEMPLE, O	15023053	CEIP PORTOFARO
15	150150	CAMBRE	15017	CAMBRE	150171200	VIGO	15024586	EEL DA FONTE MOURA
15	150162	CARBALLO	15019	CARBALLO	150190200	ARDAÑA	15024598	EEL DE GONTADE
15	150162	CARBALLO	15019	CARBALLO	150190703	CARBALLO	15021524	CEIP A CRISTINA
15	150162	CARBALLO	15019	CARBALLO	150190703	CARBALLO	15021354	CEIP BERGANTIÑOS
15	150162	CARBALLO	15019	CARBALLO	150190703	CARBALLO	15002578	CEIP FOGAR
15	150162	CARBALLO	15019	CARBALLO	150190703	CARBALLO	15027393	CEIP XESÚS SAN LUÍS ROMERO
15	150162	CARBALLO	15019	CARBALLO	150190703	CARBALLO	15032251	CRA PONTE DA PEDRA
15	150162	CARBALLO	15019	CARBALLO	150190703	CARBALLO	15002581	IES ALFREDO BRAÑAS
15	150162	CARBALLO	15019	CARBALLO	150190703	CARBALLO	15027307	IES ISIDRO PARGA PONDAL
15	150162	CARBALLO	15019	CARBALLO	150190703	CARBALLO	15002591	IES MONTE NEME
15	150162	CARBALLO	15019	CARBALLO	150190800	ENTRECRUCES	15025232	EEL DE TABOADA
15	150162	CARBALLO	15019	CARBALLO	150191200	OZA	15002645	EEL DE ENCRUCILLADAS
15	150162	CARBALLO	15019	CARBALLO	150191300	RAZO	15024896	CEIP DE NÉTOMA-RAZO
15	150162	CARBALLO	15019	CARBALLO	150191700	SOFÁN	15023077	CEIP DE GÁNDARA-SOFÁN
15	150162	CARBALLO	15019	CARBALLO	150191700	SOFÁN	15002712	EEL DE PRAZA-SOFÁN
15	150162	CARBALLO	15019	CARBALLO	150191804	VILELA	15024604	EEL DE VILELA
15	150174	CARIÑO	15901	CARIÑO	150610201	CARIÑO	15011661	CEIP MANUEL FRAGA IRIBARNE
15	150174	CARIÑO	15901	CARIÑO	150610201	CARIÑO	15021755	IES CABO ORTEGAL
15	150186	CARNOTA	15020	CARNOTA	150200201	CARNOTA	15002761	CEIP DE CARNOTA
15	150186	CARNOTA	15020	CARNOTA	150200201	CARNOTA	15022115	EEL DO VISO
15	150186	CARNOTA	15020	CARNOTA	150200201	CARNOTA	15027885	IES LAMAS DE CASTELO
15	150186	CARNOTA	15020	CARNOTA	150200403	LIRA	15022723	EEL DE PORTOCUBELO
15	150186	CARNOTA	15020	CARNOTA	150200120	PINDO, O	15002852	CEIP DO PINDO
15	150198	CARRAL	15021	CARRAL	150210710	BEIRA	15003029	EEL DE HERVES
15	150198	CARRAL	15021	CARRAL	150210206	CARRAL	15003005	CPI VICENTE OTERO VALCÁRCEL
15	150198	CARRAL	15021	CARRAL	150210613	TABEAIO	15003017	CEIP DE TABEAIO
15	150204	CEDEIRA	15022	CEDEIRA	150220104	CEDEIRA	15003054	CEIP NICOLÁS DEL RÍO
15	150204	CEDEIRA	15022	CEDEIRA	150220104	CEDEIRA	15026376	IES PUNTA CANDIEIRA
15	150204	CEDEIRA	15025	CERDIDO	150250107	BARQUEIRA, A	15003534	CEIP DA BARQUEIRA
15	150216	CEE	15023	CEE	150230100	AMEIXENDA, A	15003111	EEL DE AMEIXENDA
15	150216	CEE	15023	CEE	150230200	BRENS	15022127	CEIP DA IGREXA
15	150216	CEE	15023	CEE	150230300	CEE	15003212	IES AGRA DE RAÍCES
15	150216	CEE	15023	CEE	150230300	CEE	15003224	IES FERNANDO BLANCO
15	150216	CEE	15023	CEE	150230302	ESCABANAS	15003248	CEIP EUGENIO LÓPEZ
15	150216	CEE	15023	CEE	150230500	PEREIRIÑA, A	15022139	EEL DA PEREIRIÑA
15	150216	CEE	15028	CORCUBIÓN	150280101	CORCUBIÓN	15003789	CEIP PRAIA DE QUENXE
15	150216	CEE	15034	DUMBRÍA	150340100	BERDEOGAS	15006079	CEIP BERDEOGAS
15	150216	CEE	15034	DUMBRÍA	150340307	DUMBRÍA	15021810	CEIP SANTA EULALIA DE DUMBRÍA
15	150216	CEE	15034	DUMBRÍA	150340403	ÉZARO	15006158	CEIP DE ÉZARO
15	150216	CEE	15034	DUMBRÍA	150340500	OLVEIRA	15022760	EEL DE REGOELLE
15	150228	CERCEDA	15024	CERCEDA	150240100	CERCEDA	15003376	CPI O CRUCE
15	150228	CERCEDA	15024	CERCEDA	150240400	MEIRAMA	15022140	EEL DE MEIRAMA
15	150228	CERCEDA	15024	CERCEDA	150240500	QUEIXAS	15021032	CEIP DE CALVARIO
15	150228	CERCEDA	15024	CERCEDA	150240625	RODÍS	15020970	CEIP CELSO EMILIO FERREIRO
15	150230	CORISTANCO	15029	CORISTANCO	150290100	AGUALADA	15003807	CEIP DE BORMOIO-AGUALADA
15	150230	CORISTANCO	15029	CORISTANCO	150290400	CORISTANCO	15002670	CEIP CANOSA-RUS
15	150230	CORISTANCO	15029	CORISTANCO	150290400	CORISTANCO	15026480	CRA NOVO MENCER
15	150230	CORISTANCO	15029	CORISTANCO	150291007	OCA	15019414	EEL DE OCA
15	150230	CORISTANCO	15029	CORISTANCO	150291309	SAN ROQUE	15003881	CPI ALCALDE XOSÉ PICHEL
15	150241	CORUÑA A	15030	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	15005336	CEE NOSA SEÑORA DO ROSARIO
15	150241	CORUÑA A	15030	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	15005385	CEE SANTIAGO APÓSTOLO
15	150241	CORUÑA A	15030	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	15019323	CEIP ALBORADA
15	150241	CORUÑA A	15030	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	15004745	CEIP ANXO DA GARDA
15	150241	CORUÑA A	15030	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	15004964	CEIP CONCEPCIÓN ARENAL
15	150241	CORUÑA A	15030	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	15004976	CEIP CURROS ENRÍQUEZ

PROV	ZONA		CONCELLO		LOCALIDADE		CENTRO	
	CÓD.	ZONA	CÓD.	CONCELLO	CÓD.	LOCALIDADE	CÓD.	CENTRO
15	150241	CORUÑA A	15030	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	15005038	CEIP DE PRÁCTICAS
15	150241	CORUÑA A	15030	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	15021627	CEIP EMILIA PARDO BAZÁN
15	150241	CORUÑA A	15030	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	15004988	CEIP EUSEBIO DA GUARDA
15	150241	CORUÑA A	15030	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	15999901	CEIP INTEGRACIÓN ETNIA XITANA
15	150241	CORUÑA A	15030	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	15023375	CEIP JOSÉ CORNIDE SAAVEDRA
15	150241	CORUÑA A	15030	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	15027241	CEIP JUAN FERNÁNDEZ LATORRE
15	150241	CORUÑA A	15030	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	15020568	CEIP LABACA
15	150241	CORUÑA A	15030	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	15019311	CEIP MARÍA BARBEITO E CERVINO
15	150241	CORUÑA A	15030	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	15005518	CEIP MARÍA PITA
15	150241	CORUÑA A	15030	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	15004991	CEIP MONTEL TOUZET
15	150241	CORUÑA A	15030	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	15005521	CEIP RAMÓN DE LA SAGRA
15	150241	CORUÑA A	15030	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	15005014	CEIP RAQUEL CAMACHO
15	150241	CORUÑA A	15030	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	15005361	CEIP ROSALÍA DE CASTRO
15	150241	CORUÑA A	15030	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	15025037	CEIP SAGRADA FAMILIA
15	150241	CORUÑA A	15030	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	15021548	CEIP SAL LENCE
15	150241	CORUÑA A	15030	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	15021792	CEIP SALGADO TORRES
15	150241	CORUÑA A	15030	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	15025025	CEIP SAN FRANCISCO JAVIER
15	150241	CORUÑA A	15030	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	15005701	CEIP SAN PEDRO DE VISMA
15	150241	CORUÑA A	15030	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	15005026	CEIP SANJURJO DE CARRICARTE
15	150241	CORUÑA A	15030	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	15021536	CEIP VÍCTOR LÓPEZ SEOANE
15	150241	CORUÑA A	15030	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	15024902	CEIP WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ
15	150241	CORUÑA A	15030	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	15005166	CEP PEDRALONGA-PALAVEA
15	150241	CORUÑA A	15030	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	15022607	CIPF ÁNXEL CASAL - MONTE ALTO
15	150241	CORUÑA A	15030	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	15021721	EEL DE ZALAETA
15	150241	CORUÑA A	15030	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	15025621	EPAPU EDUARDO PONDAL
15	150241	CORUÑA A	15030	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	15027770	IES A SARDIÑEIRA
15	150241	CORUÑA A	15030	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	15026716	IES ADORMIDERAS
15	150241	CORUÑA A	15030	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	15005233	IES AGRA DO ORZÁN
15	150241	CORUÑA A	15030	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	15005579	IES ELVIÑA
15	150241	CORUÑA A	15030	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	15005221	IES EUSEBIO DA GUARDA
15	150241	CORUÑA A	15030	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	15005397	IES FERNANDO WIRTZ SUÁREZ
15	150241	CORUÑA A	15030	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	15005245	IES MONELAS
15	150241	CORUÑA A	15030	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	15025611	IES MONTE DAS MOAS
15	150241	CORUÑA A	15030	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	15027897	IES PASEO DAS PONTES
15	150241	CORUÑA A	15030	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	15026421	IES RAFAEL DIESTE
15	150241	CORUÑA A	15030	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	15005257	IES RAMÓN MENÉNDEZ PIDAL
15	150241	CORUÑA A	15030	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	15005002	IES RAMÓN OTERO PEDRAYO
15	150241	CORUÑA A	15030	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	15005211	IES SALVADOR DE MADARIAGA
15	150241	CORUÑA A	15030	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	15024513	IES SOMESO
15	150241	CORUÑA A	15030	CORUÑA, A	150300001	CORUÑA, A	15005269	IES URBANO LUGRÍS
15	150241	CORUÑA A	15030	CORUÑA, A	150300200	ELVIÑA	15023363	CEIP MANUEL MURGUÍA
15	150253	CULLEREDO	15031	CULLEREDO	150310100	ALMEIRAS	15027253	CEIP ISAAC DÍAZ PARDO
15	150253	CULLEREDO	15031	CULLEREDO	150310100	ALMEIRAS	15032480	CRA DE CULLEREDO
15	150253	CULLEREDO	15031	CULLEREDO	150310200	BURGO, O	15027903	IES EDUARDO BLANCO AMOR
15	150253	CULLEREDO	15031	CULLEREDO	150310501	CULLEREDO	15027708	CEIP RÍA DO BURGO
15	150253	CULLEREDO	15031	CULLEREDO	150310501	CULLEREDO	15005828	CEP DE TARRÍO
15	150253	CULLEREDO	15031	CULLEREDO	150310800	RUTIS	15021809	CEIP SOFÍA CASANOVA
15	150265	CURTIS	15032	CURTIS	150320100	CURTIS	15005877	CEIP DE TEIXEIRO
15	150265	CURTIS	15032	CURTIS	150320100	CURTIS	15032650	EPAPU DE TEIXEIRO
15	150265	CURTIS	15032	CURTIS	150320100	CURTIS	15022620	IES DE CURTIS
15	150265	CURTIS	15032	CURTIS	150320400	LURDES	15005932	CEIP DE CURTIS
15	150265	CURTIS	15090	VILASANTAR	150900500	PRÉSARAS	15020921	CEIP DE PRÉSARAS
15	150277	DODRO	15033	DODRO	150330100	DODRO	15032492	CRA DE DODRO
15	150277	DODRO	15033	DODRO	150330311	LAÍÑO	15023399	CPI EUSEBIO LORENZO BALEIRÓN
15	150289	FENE	15035	FENE	150350100	BARALLOBRE	15020982	CEIP O RAMO
15	150289	FENE	15035	FENE	150350200	BARALLOBRE	15032081	IES DE FENE
15	150289	FENE	15035	FENE	150350300	LIMODRE	15006250	EEL DE LIMODRE
15	150289	FENE	15035	FENE	150350500	MANIÑOS	15025633	CEIP OS CASAIS
15	150289	FENE	15035	FENE	150350209	PERLÍO	15022981	CEIP DE CENTEIRAS
15	150289	FENE	15035	FENE	150350209	PERLÍO	15023405	CPI A XUNQUEIRA
15	150289	FENE	15035	FENE	150350700	SILLOBRE	15006365	CEIP DE SILLOBRE
15	150290	FERROL	15036	FERROL	150360300	COVAS	15006948	EEL TOMÁS SERANTES
15	150290	FERROL	15036	FERROL	150360406	DONIÑOS	15024941	CEIP A LAXE
15	150290	FERROL	15036	FERROL	150360500	ESMELLE	15007001	CEIP DE SAN XOÁN DE ESMELLE
15	150290	FERROL	15036	FERROL	150360001	FERROL	15019293	CEIP CHABORRE CALE
15	150290	FERROL	15036	FERROL	150360001	FERROL	15006663	CEIP CRUCEIRO DE CANIDO
15	150290	FERROL	15036	FERROL	150360001	FERROL	15024938	CEIP DE ESTEIRO
15	150290	FERROL	15036	FERROL	150360001	FERROL	15026960	CEIP DE PONZOS
15	150290	FERROL	15036	FERROL	150360001	FERROL	15006699	CEIP IBÁÑEZ MARTÍN
15	150290	FERROL	15036	FERROL	150360001	FERROL	15999902	CEIP INTEGRACIÓN ETNIA XITANA
15	150290	FERROL	15036	FERROL	150360001	FERROL	15006845	CEIP ISAAC PERAL
15	150290	FERROL	15036	FERROL	150360001	FERROL	15021834	CEIP MANUEL MASDÍAS
15	150290	FERROL	15036	FERROL	150360001	FERROL	15021846	CEIP SAN XOÁN DE FILGUEIRA
15	150290	FERROL	15036	FERROL	150360001	FERROL	15025751	EPAPU STA. MARÍA DE CARANZA

PROV	ZONA		CONCELLO		LOCALIDADE		CENTRO	
	CÓD.	ZONA	CÓD.	CONCELLO	CÓD.	LOCALIDADE	CÓD.	CENTRO
15	150290	FERROL	15036	FERROL	150360001	FERROL	15021470	IES CANIDO
15	150290	FERROL	15036	FERROL	150360001	FERROL	15006742	IES CONCEPCION ARENAL
15	150290	FERROL	15036	FERROL	150360001	FERROL	15006687	IES DE CATABOIS
15	150290	FERROL	15036	FERROL	150360001	FERROL	15025566	IES FERROL VELLO
15	150290	FERROL	15036	FERROL	150360001	FERROL	15006754	IES MARQUÉS DE SUANZES
15	150290	FERROL	15036	FERROL	150360001	FERROL	15025645	IES RICARDO CARBALLO CALERO
15	150290	FERROL	15036	FERROL	150360001	FERROL	15006791	IES SATURNINO MONTOJO
15	150290	FERROL	15036	FERROL	150360001	FERROL	15006730	IES SOFÍA CASANOVA
15	150290	FERROL	15036	FERROL	150360700	LEIXA	15006729	CEE CARMEN POLO
15	150290	FERROL	15036	FERROL	150361101	SERANTES	15024227	CEIP DE PAZOS
15	150307	FISTERRA	15037	FISTERRA	150370302	FISTERRA	15007242	CEIP MAR DE FÓRA
15	150307	FISTERRA	15037	FISTERRA	150370302	FISTERRA	15027915	IES FIN DO CAMIÑO
15	150307	FISTERRA	15037	FISTERRA	150370406	SARDIÑEIRO	15007266	CEIP AREOUTA
15	150319	FRADES	15038	FRADES	150380800	LEDOIRA	15007400	CPI DE PONTE CARREIRA
15	150320	LARACHA, A	15041	LARACHA, A	150410203	CAIÓN	15007655	CEIP DE CAIÓN
15	150320	LARACHA, A	15041	LARACHA, A	150410810	LESTÓN	15025256	CEIP ALFREDO BRAÑAS
15	150320	LARACHA, A	15041	LARACHA, A	150410900	MONTEMAIOR	15019621	EEl DE COMIÁNS
15	150320	LARACHA, A	15041	LARACHA, A	150411000	SOANDRES	15007849	CEIP DE REVOLTIÑA
15	150320	LARACHA, A	15041	LARACHA, A	150411200	TORÁS	15007886	CEIP RAMÓN OTERO PEDRAYO
15	150320	LARACHA, A	15041	LARACHA, A	150411217	TORÁS	15027654	IES AGRA DE LEBORÍS
15	150332	LAXE	15040	LAXE	150400101	LAXE	15007621	CPI CABO DA AREA
15	150332	LAXE	15040	LAXE	150400303	TORREXALLÓNS	15020842	CEIP DE TORREXALLÓNS
15	150332	LAXE	15040	LAXE	150400600	TRABA	15021160	CEIP DE TRABA
15	150344	LOUSAME	15042	LOUSAME	150420400	LOUSAME	15008039	CPI CERNADAS DE CASTRO
15	150344	LOUSAME	15042	LOUSAME	150420500	TALLARA	15022796	EEl DE TALLARA
15	150356	MALPICA DE BERGANTIÑOS	15043	MALPICA DE BERGANTIÑOS	150430201	BUÑO	15021861	CEIP JOAQUÍN RODRÍGUEZ OTERO
15	150356	MALPICA DE BERGANTIÑOS	15043	MALPICA DE BERGANTIÑOS	150430201	BUÑO	15027836	CRA PEDRA DA ARCA
15	150356	MALPICA DE BERGANTIÑOS	15043	MALPICA DE BERGANTIÑOS	150430602	MALPICA DE BERGANTIÑOS	15026765	CEIP MILLADOIRO
15	150356	MALPICA DE BERGANTIÑOS	15043	MALPICA DE BERGANTIÑOS	150430800	VILANOVA	15008301	IES URBANO LUGRÍS
15	150368	MAZARICOS	15045	MAZARICOS	150450200	ANTES	15008490	CEIP VÍCTOR SÁENZ
15	150368	MAZARICOS	15045	MAZARICOS	150450902	CHACÍN	15008659	CEIP DE PINO DE VAL
15	150368	MAZARICOS	15045	MAZARICOS	150451200	MAZARICOS	15008714	CPI DA PICOTA
15	150370	MELIDE	15046	MELIDE	150461902	MELIDE	15008805	CEIP DE MELIDE Nº 1
15	150370	MELIDE	15046	MELIDE	150461902	MELIDE	15023910	CEIP MARTAGONA
15	150370	MELIDE	15046	MELIDE	150461902	MELIDE	15027526	CEIP MESTRE PASTOR BARRAL
15	150370	MELIDE	15046	MELIDE	150461902	MELIDE	15008817	IES DE MELIDE
15	150370	MELIDE	15079	SANTISO	150790100	ARCEDIAGO	15016450	CEIP DE ARCEDIAGO
15	150370	MELIDE	15079	SANTISO	150791715	VISANTOÑA	15016590	CEIP DE VISANTOÑA
15	150370	MELIDE	15083	TOQUES	150830200	CAPELA	15017314	CEIP DE TOQUES
15	150381	MESIA	15047	MESÍA	150470902	LANZA	15026923	EEl LANZA
15	150381	MESIA	15047	MESÍA	150471100	OLAS	15008982	EEl DE OLAS
15	150381	MESIA	15047	MESÍA	150471019	OUTEIRO	15008957	EEl DE MESÍA
15	150381	MESIA	15047	MESÍA	150471200	VISANTOÑA	15009007	EEl VISANTOÑA
15	150381	MESIA	15047	MESÍA	150470810	XANCEDA	15020854	CPI DE XANCEDA
15	150393	MIÑO	15048	MIÑO	150480103	BEMANTES	15023223	CEIP DE BEMANTES
15	150393	MIÑO	15048	MIÑO	150480402	CASTRO - BAXOI	15009071	CPI CASTRO BAXOI
15	150393	MIÑO	15048	MIÑO	150480807	VILANOVA	15025323	CEIP DE VILANOVA
15	150400	MONFERO	15050	MONFERO	150500336	SAN FIZ DE MONFERO	15009241	CPI VIRXE DA CELA
15	150411	MUGARDOS	15051	MUGARDOS	150510101	FRANZA	15009391	CEIP SANTIAGO APÓSTOLO
